

ANEXO I

SOLICITUDE DE ACTUACIÓNS DA SUBMEDIDA M10.22 DE CONSERVACIÓN DE RECURSOS XENÉTICOS NA
 AGRICULTURA/CULTIVOS-CASTES AUTÓCTONAS 2016

Nº DE PROTOCOLO^(*) CIAM/03/2016

^(*) A encher polo SXEA

1.- ACTUACIÓN PROPOSTA

Diagnóstico da situación dos recursos fitoxenéticos de interese agrícola en risco de erosión xenética

2.- ENTIDADE SOLICITANTE

Centro Institucional/Entidade Colaboradora:

CIAM

Enderezo: Km 7, Estrada AC-542, Betanzos a Mesón do Vento

C. Postal:15318

Concello:Abegondo

Provincia:A Coruña

Tfn: 881 881 372

Fax: 881881800

Correo electrónico:

javier.ascasibar.errasti@xunta.es

3.- XUSTIFICACIÓN DA ACTUACIÓN PROPOSTA

Os RRF son un patrimonio biolóxico e xenético que non pode deixarse perder debido a que posúe unha maior adaptación e plasticidade ás diferentes condicións do medio ambiente. Constitúen unha fonte valiosa de xenes de importancia para a súa utilización nos programas de mellora xenética, e ademais algúns dos “ecotipos” tradicionais, a parte do seu valor xenético, posúen características organolépticas sobresaíntes que os fan mais apreciados por certo grupo de consumidores e poden competir no mercado cunha imaxe de produto diferenciado de calidade e producido de forma tradicional.

Dado que son unha ferramenta estratéxica para manter estable e sostible a alimentación das poboacións humanas, os RRF están considerados como un patrimonio da humanidade e así está establecido na lexislación internacional e nacional promulgada ao respecto, tales como:

- Convenio de Diversidade Biolóxica da ONU (1992), asinado por España en 1994.
- Tratado Internacional sobre Recursos Fitoxenéticos para a Alimentación e a Agricultura (TIRFAA) da FAO (2001), ratificado polo Estado Español en 2004, mediante o cal se establece un Sistema Multilateral (SML) de acceso aos RRF (Arts. 10 a 13)
- Lei 30/2006 de sementes, plantas de viveiro e recursos fitoxenéticos, no que se refire ao Título IV, e concretamente ao ámbito da súa aplicación (Art. 45) e ás súas restricións nas CCAA (Art. 46).
- Lei 42/2007 sobre Patrimonio natural y biodiversidade (Art. 68).

A os perigos da erosión xenética polo emprego xeneralizado de variedades cunha estreita base xenética, hai que engadir o risco de desaparición de varias liñas de investigación relacionadas coa conservación dos recursos xenéticos vexetais pola falta de recursos estables, o que pon en perigo o cumprimento destes compromisos internacionais. Por estas razóns, é esencial facer un diagnóstico preciso sobre a situación en Galicia e establecer unha estratexia para combater a perda de variedades vexetais para uso agrícola.

4.- OBXECTIVOS DA ACTUACIÓN PROPOSTA

Ano 2016:

1. Situar a cuestión no marco legislativo tanto internacional, europeo, nacional e autonómico
2. Identificar as institucións e organismos oficiais responsables da conservación dos RR.FF.AA.
3. Detectar outros axentes que interveñen na conservación dos RR.FF.AA (asociacións, organizacións agrarias...)
4. Recompilar información estatística sobre a evolución das superficies cultivadas con variedades tradicionais.
5. Establecer indicadores que permitan avaliar de modo correcto o risco de erosión xenética de especies vexetais de interese para a agricultura e a alimentación.

Ano 2017:

1. Actualizar e completar o inventario dos recursos fitoxenéticos conservados "ex situ" en Galicia.
2. Completar a diagnose da situación dos RRFFAA en Galicia a partir dos indicadores definidos previamente, para cada un dos principais grupos de cultivos .

5.- METODOLOXÍA

Ano 2016:

1. Documentación sobre:
 - O marco legislativo
 - Evolución estatística dos cultivos
 - Medidas de promoción de variedades locais e marcas de calidade
2. Estudo dos modelos de conservación de RRFFAA noutros países.
3. Realización de enquisas entre os responsables da conservación "ex situ" de RRFFAA.
4. Proposta de indicadores do risco de erosión xenética.

Ano 2017:

1. Realización de enquisas entre os diversos axentes da sociedade civil implicados na conservación dos RRFFAA
2. Estudo do risco de erosión xenética nos diferentes cultivos mediante os indicadores previamente definidos
3. Redacción do informe final

6.- PLAN DE DIVULGACIÓN

Reunións:

Ano 2016:

Manteranse reunións cos responsábeis dos Bancos de Xermoplasma que conteñan material

xenético autóctono procedente da comunidade autónoma de Galicia para comunicar os avances nos obxectivos propostos.

Ano 2017:

Celebración dunha xornada divulgativa con técnicos, gandeiros, empresas e profesionais do sector no CIAM para mostrar os avances realizados.

Cursos:

Ano 2016:

Ano 2017:

Demostracións:

Ano 2016:

Ano 2017:

Publicacións:

Ano 2016:

Ano 2017:

Publicación dos resultados obtidos en formato dixital a traveso da páxina web do CIAM e na web da Consellería do Medio Rural.

Outras:

Ano 2016:

Ano 2017:

	CIRCULAR Nº1/2016 CONSERVACIÓN DE RECURSOS XENÉTICOS EN AGRICULTURA	M10.2
		Página 5 de 5

8.- DATA E SINATURA DO SOLICITANTE

En Abegondo, 14 de Xuño de 2016

O/A responsable da unidade solicitante

Asdo.: Manuel López Luaces